

Boas noites, Ana
Para Radio Galega

Xa está nas xanelas das librerías o libro gañador do 7º premio Torrente Ballester convocado pola Deputación Provincial da Coruña, correspondente ó ano 1995. Concretamente foi o 24 de novembro do ano pasado cando o xurado deu a coñecer o seu veredicto, que recaía nunha serie de relatos de Manuel Rivas titulada *¿Que me queres, amor?*, título dunha fermosa peciña tráxico lírica coa que se abre o libro. Unha peciña na que Rivas dá o tono quizais máis seu. Un tono lírico que el sabe abandonar cando así llo esixe o guión que el mesmo se impón, pero ó que volve sempre que pode, que niso consiste o seu mellor facer literario. Unha peciña tamén na que o noso autor mestura as cousas que compoñen o seu imaxinario máis profundo: por unha banda, o sabor das cereixas da infancia, coa floración dos amores imposibles, por outra, esa épica urbana inheroica pero tráxica, na que os mitos televisivos, o paro, a droga e a conseguinte delincuencia loitan por ocupar o primeiro lugar no ranquin de desesperos.

Porque en boa medida, ese é o mundo de Rivas: Por unha parte, o pasado inxusto ferindo aínda a carne humillada e republicana dun mestre de escola exemplar a quen toca co seu gume mortal a ingratidade daqueles e aquelas a quen máis favoreceu, como ocorre no patético relato titulado “A lingua das bolboretas”, con seguridade a peza mellor artellada deste volumen de Manuel Rivas.

Por unha parte, outra vez, todo aquilo que xa se foi ou está a irse e que definía o mundo galego rural inmediatamente anterior ós nosos días, sempre con esa mirada cinematográfica ou quizais mellor pictórica con que o autor adoita fixar as imaxes para que o lector quede entantío a contemplar un cadro ou un fotograma. Neste sentido, hai que dicir que moito gusta Rivas da luz do pintor holandés Jan Vermeer de Delft, esa luz espesa, fariñenta e nórdica, tan indefinible, do seu famoso cadro da leiteira, toda unha fixación case freudiana en Rivas, un escritor sempre a sorprenden a nosa

retina con novas digamos diapositivas narradas agora neste volume do premio Torrente cun precioso alarde lingüístico como poucas veces apreciáramos nel.

Porque, en definitiva, o que máis nos pode interesar agora de Manolo Rivas, ou polo menos o que a min máis me pode interesar del, independentemente do mellor ou peor logro concreto dos seus relatos, cousa que en *¿Que me queres amor?* no é doado de asentarse, dada a heteroxeneidade da serie, é cómo el vai construindo e consolidando unha voz propia e inconfundible a base dun material que en mans doutros autores se está prestando ó chabacano, retrógrado e de mal gusto.

De certo, Manuel Rivas hai tempo que anda á procura dese tono narrativo propio que lle sirva para expresar o seu xeito tan orixinal de ver e imaxinar o mundo. Na súa profesión de xornalista xa o conseguiu hai moito tempo, e as súas reportaxes en xornais galegos e madrileños así o avalan. Ai están se non para o demostrar as colleitas naquel libro de 1990, titulado “Galicia, el bonsai atlántico”.

No eido da pura narración xa nos deu abondo de títulos nos que albiscar o xenio que leva dentro, por máis que aínda esteamos pendentes dese seguinte título definitivo co que entrar neses listados canónicos que están tan de actualidade e que ninguén se atreve a enumerar.

En definitiva, *¿Que me queres amor?* podemos dicir que é un libro moi manolorivasiano, se se me permite esta terminoloxía, e como tal un libro entretido, variado e moitas veces profundo, con esa profundidade agochada detrás do aparentemente fácil ou superficial, cousa que xa notáramos en títulos como *Os comedores de patacas*. A Editorial Galaxia, xa que logo anótase un bo tanto outra vez e o lector non se ha ver defraudado achegándose a un escritor que teima por explicarnos o tempo presente, tan contradictorio e surrealista, sen esquecer as raíces máis fondas do ser galego nin os valores positivos que nalgún tempo foron norte da convivencia social e do

se realizar individual. Un bo premio, pois, para un libro moi digno. E nada máis, boas noites, Ana.

Para *Diario cultural* de Radio Galega
1996